

OS DEREITOS DA INFANCIA

IGUALDADE



Temos dereito a non ser tratados de forma diferente por razón da nosa cultura, relixión, orixe, idioma ou sexo.

ART: 2, 4, 30

IDENTIDADE

Temos dereito a ser inscritos ao nacer, a un nome e unha nacionalidade, a coñecer aos nosos pais e ser coidados por eles.



ART: 7 e 8

FAMILIA

Temos dereito a ter unha familia que nos queira, que nos oriente, a non ser separados dela se non é necesario para o noso benestar, e a que o Estado a apoie para acadalo.



ART: 4, 5, 9, 10, 16, 18, 20, 21



SAÚDE

Temos dereito a coidados médicos, a desenvolver hábitos saudables, sen drogas, e a vivir nun lugar sen contaminación e agradable.

ART: 6, 24, 25, 26, 33

PARTICIPACIÓN


Temos dereito a expresar as nosas opinións e a que estas sexan tidas en conta pola nosa familia, os nosos educadores e as nosas autoridades, así como a recibir unha información adecuada dos temas que nos afectan.



ART: 12, 13, 14, 15, 17

PROTECCIÓN EN TEMPOS DE GUERRA OU DESASTRE

Temos dereito a vivir en Paz, a non ser reclutados como soldados e a recibir protección especial no caso de ser refuxiados ou vítimas dun desastre natural.



ART: 22, 38, 39

PROTECCIÓN CONTRA OS ABUSOS

Temos dereito a ser protexidos contra os malos tratos, as humillacións, os abusos sexuais e os secuestros.



ART: 19, 34, 35, 36

PROTECCIÓN CONTRA O TRABALLO PERXUDICIAL

Temos dereito a ser protexidos contra a realización de calquera traballo que poña en perigo a nosa saúde, a nosa educación ou o noso desenvolvemento.



ART: 32, 35

EDUCACIÓN

Temos dereito a unha educación gratuita, de calidade e que nos convirta en cidadáns preocupados polo cumprimento dos dereitos humanos en todo o mundo.



ART: 27, 28, 29

PROTECCIÓN EN CASO DE PRIVACIÓN DE LIBERDADE

En caso de encarceramento temos dereito a estar separados dos adultos, a ver a nosa familia, a ser defendidos legalmente, a non ser condenados a morte, nin a cadea perpetua e a non ser torturados.



ART: 11, 37, 40

PROTECCIÓN ÓS MENORES CON DISCAPACIDADE

Os menores con discapacidade temos dereito a recibir coidados e educación especiais para disfrutar dunha vida plena.



ART: 23

XOGO

Temos dereito a dispoñer de tempo, compañeiros e espazos para xogar e desenvolvernos.



ART: 31

A Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno é o texto legal que recolle todos os dereitos que deben gozar todos os menores de dezoito anos do mundo. Está composta por cincuenta e catro artigos que os Gobernos se comprometeron a cumprir.

Foi aprobada o 20 de novembro de 1989 e dende entón, cada ano, o 20 de novembro celébrase o Día Universal da Infancia.

Por fin, os nenos e nenas son considerados como seres humanos con dereitos propios. Cando as autoridades ou as persoas adultas deban tomar decisións sobre a vida dos nenos e nenas deberán facer aquilo que sexa mellor para o seu desenvolvemento e benestar.

Os Gobernos deben facer todos os esforzos necesarios e cooperar para garantir estes dereitos e apoiar ás familias para que así sexa.

UNICEF, o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia, ten como misión que todos os nenos e nenas do mundo gocen estes dereitos e poidan asumir as responsabilidades que deles se derivan.